



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la previsión de creación de nuevas plazas judiciales en Ponteareas**.

El Ministerio de Justicia anunció en enero de 2026 la creación de 500 nuevas plazas judiciales en el conjunto del Estado, 19 en Galicia. Sin embargo, las plazas previstas para nuestro país son claramente insuficientes y quedan por debajo de las necesidades reales en los Tribunales de Instancia de los pueblos, así como aquellos que, como es el caso de Ponteareas, extienden su competencia más allá de un único partido judicial, pues abarca diez municipios limítrofes con las comarcas de O Condado y A Paradanta, con una población superior a los 53.500 habitantes (Arbo, A Caniza, As Neves, O Covelo, Crecente, Mondariz y Mondariz-Balneario, Ponteareas, Salvaterra de Miño).

El Tribunal de Instancia de Ponteareas únicamente cuenta con una sección mixta, de Instancia e Instrucción, con tres plazas judiciales: Primera Instancia e Instrucción, Ejecución y Civil, así como una oficina de Decanato y otra de Registro Civil. El baremo que establece la carga máxima de entrada de casos que puede atender un Juzgado, actualmente equivalente a una plaza judicial, de esta categoría es de 680 casos civiles y 1.000 penales, lo que se supera ampliamente.

Además, como sucede en la mayoría de Tribunales, Ponteareas adolece también de deficiencias en recursos humanos y medios, lo que causa demoras significativas en la tramitación de los procedimientos judiciales y en las sentencias.

Con carácter general, comprobamos que desde el año 2010 ninguno de los Gobiernos del Estado ha creado nuevos Juzgados en los municipios de Galicia, lo que es indicativo de una estrategia que pasa por minimizar la presencia de la Administración de Justicia distribuida por el territorio para centralizarla únicamente en las ciudades. Una apuesta que contribuye a la reducción de servicios en el medio rural y a la despoblación. La política a impulsar debe ser la contraria, incrementar la dotación de las oficinas de los pueblos para acercar la justicia a la ciudadanía y hacerla más ágil y eficaz.



Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Ha contemplado el Ministerio de Presidencia y Justicia incluir a Ponteareas, y otros municipios similares, en las previsiones de creación de nuevas plazas judiciales, incrementando el número de plazas a crear con el objetivo de reforzar los nuevos Tribunales de Instancia?
2. ¿Comparte que no son suficientes las 19 plazas previstas para atender las importantes necesidades de Galicia, especialmente en los Tribunales de Instancia ubicados en pueblos y pequeños partidos judiciales?
3. ¿Incrementará el número de plazas destinadas a Galicia? ¿Incluirá la creación de una plaza en el Tribunal de Instancia de Ponteareas?
4. ¿Puede facilitarnos los datos sobre el volumen de carga de trabajo que tiene el Tribunal de Instancia de Ponteareas? ¿Cree que cuenta con las dotaciones precisas de personal y medios?

Madrid, a 14 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

14 FEB. 2026 14:41:51

Entrada **99697**

Sobre a previsión de creación de novas prazas xudiciais en Pontareas

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Portavoz adjunto



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á previsión de creación de novas prazas xudiciais en Ponteareas.**

O Ministerio de Xustiza anunciou en xaneiro de 2026 a creación de 500 novas prazas xudiciais no conxunto do Estado, 19 na Galiza. Porén, as prazas previstas para o noso País son claramente insuficientes e fican por debaixo das necesidades reais nos Tribunais de Instancia das vilas, así como daqueles que, como é o caso de Ponteareas, estende a súa competencia máis alá dun único partido xudicial, pois abrangue dez concellos limítrofes das comarcas do Condado e A Paradanta, cunha poboación de máis de 53.500 habitantes (Arbo, A Caniza, As Neves, O Covelo, Crecente, Mondariz e Mondariz-Balneiro, Ponteareas, Salvaterra de Miño).

O Tribunal de Instancia de Ponteareas só conta cunha sección mixta, de Instancia e Instrución, con tres prazas xudiciais: Primeira Instancia e Instrución, Execución e Civil, así como unha oficina Decanato e outra de Rexistro Civil. O baremo que establece a carga máxima de entrada de asuntos que pode atender un Xulgado, agora equivalente á praza xudicial, desta categoría é de 680 asuntos civís e 1000 penais, superándose amplamente.

Ademais, como sucede na maioría dos Tribunais, Ponteareas adoce tamén de deficiencias en recursos humanos e medios o que causa demoras significativas na tramitación dos procesos xudiciais e nas sentenzas.

Con carácter xeral, comprobamos que desde o ano 2010 ningún dos Gobernos no Estado crearon Xulgados novos nas vilas da Galiza o que é indicativo dunha estratexia que pasa por minimizar a presenza da Administración de Xustiza





distribuída no territorio para centralizala unicamente nas cidades. Aposta que contribúe á redución de servizos no rural e ao despoboamento. A política a impulsar debera ser a contraria, incrementar a dotación das oficinas das vilas para aproximar a xustiza á cidadanía e facela máis áxil e eficaz.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Contemplou o Ministerio de Presidencia e Xustiza incluír a Ponteareas, e outras vilas semellantes nas previsións de creación de novas prazas xudiciais, incrementando o número de prazas a crear co obxecto de reforzar os novos Tribunais de Instancia?
2. Comparte que non son suficientes as 19 prazas previstas para atender as importantes necesidades que ten a Galiza, especialmente nos Tribunais de Instancia sitos en vilas e pequenos partidos xudiciais?
3. Incrementará o número de prazas destinadas á Galiza? Incluirá a creación dunha praza no Tribunal de Instancia de Ponteareas?
4. Pode achegar os datos do volume de carga de traballo coa que conta o Tribunal de Instancia de Ponteareas? Cre que conta coas dotacións precisas de persoal e medios?

Madrid, a 14 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso